

**XVI CONCURSO MEJOR PERIODISTA INFANTIL Y JUVENIL**  
CATEGORÍA JUVENIL – MODALIDAD ARTÍCULO DE OPINIÓN

**“Veó si, veó non”**

Ana Covadonga Rodríguez Marqués

Estamos vendo ultimamente nos medios de comunicación que durante estes últimos meses creceron as protestas en Irán contra a imposición do veó. Ducias de mulleres saen os mércores en Teherán soltando os seus cabelos e ondeando un hijab branco para reclamar a liberdade de vestimenta. Como resultado deste acto reivindicativo, 29 mulleres foron detidas e todas as que se manifestaron foron reprimidas duramente pola policía.

Nembargantes, para comprender esta cuestión peliaguda que para uns representa o decoro e para outros a ausencia total do respecto polas tradicións, faremos memoria. Na dinastía dos Pahlavi (1925 – 1979) prohibíuse ou, cando menos, intentouse prohibir o veó para poder ofrecer unha imaxe de modernidade e apertura con Occidente. Este goberno do Sha de Persia estivo vinculado a Estados Unidos e Reino Unido debido á necesaria cooperación destes países para a modernización da industria de Irán. Este período de intento de tránsito cara un mundo modernizado segundo os estándares dos países occidentais, propiciou un descontento da cidadanía

que rematou coa proclamación da República islámica e a volta ás tradicións. Polo tanto, o uso do veó convertíuse nun primeiro momento nun símbolo de rexeitamento das políticas opresivas do sha.

Con todo, as mulleres xoves e de mediana idade loitan contra un costume que se convertíu en obriga e sobre a que non teñen dereito a decidir e por iso algunhas pintan os labios con abundante carmín ou deixan que os seus cabelos se deixen ver entre a tea, como sinal de protesta. Por iso se alían coas novas tecnoloxías para reivindicar o seu lugar.

Os nosos ollos de mulleres occidentais móstrannos unha realidade que non podemos nin tan sequera concibir e moito menos compartir. Temos claro que a elección da nosa vestimenta correspóndenos soamente a nós e que non é a nosa responsabilidade nin a nosa culpa a reacción doutras persoas sobre os nosos corpos. Mais, ¿como se pode sentir unha muller á que non se lle permitíu tan sequera reflexionar sobre a súa propia corporalidade? ¿Pode un país manter normas sobre a moral baseadas na interpretación que fan os ayatollah do Corán?

**DATOS DEL ALUMNO**

Nombre y apellidos .....Ana Covadonga Rodríguez Marqués..... Edad ..17..... Curso / Aula .....1º BACH...

**DATOS DEL CENTRO**

.....IES RIBADEO DIONISIO GAMALLO.....

Nombre

Dirección .....O XARDÍN S/N..... C.P. ..27700. Localidad .....RIBADEO..... Provincia .....LUGO..... Teléfono .....982870666.....

Profesor que supervisa el trabajo .....J. MANUEL YÁÑEZ DABLANCA.....

D.N.I. ....33851691S.....

¿Participa tu aula en Prensa-Escuela? Sí  NO

ENVÍA TU TRABAJO A: Programa Prensa-Escuela La Voz de Galicia. Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Industrial de Sabón. 15143. Arteixo (a Coruña)

BASES DEL CONCURSO: Las encontrarás en [www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)